

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2022/13

DATA: xoves 24 de novembro de 2022

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:05 h

HORA DE REMATE: 21:50 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO incorporase as 20:50h
JOSÉ VÁZQUEZ GONZÁLEZ
RAQUEL GARCIA ABUIN
TOBIAS BETANZOS REGO
PP
MARIANO MOARES RIAL
PSdeG-PSOE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
Rianxo en Común-SON
JULIO ALCALDE HERMO
Ciudadanos
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

PP
GERMAN ALLUT VIDAL
FRANCISCO RUBIO VICENTE
ALICIA CAROU ROMERO
PSdeG-PSOE
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ
Rianxo en Común-SON
JULIÁN BUSTELO ABUIN

ORDE DO DÍA

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 475.292 exp. 2022/G010/000013

PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN ACTA Nº 12/2022 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 27/10/2022
2. INCREMENTO DO LÍMITE MÁXIMO DAS GRATIFICACIÓNS DO PERSOAL FUNCIONARIO
3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: CREACIÓN DUNHA OFICINA MUNICIPAL DA ENERXÍA
4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: CONSTRUCCIÓN DUNHA PISTA DE PADEL NA LAXE
5. MANIFESTO DECÁLOGO POLO BO TRATO: DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES
6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO DIA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MUJER
7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMUN: APOIO DO CONCELLO DE RIANXO AO COMERCIO MINORISTA E AO SECTOR DA HOSTALARÍA

PARTE DE CONTROL

8. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
9. ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000013 e identificado pola pegada dixital:

b9e3e90aa4d93e3b39f5b7a76ad2c13812f8d78de24813654abfc0b6994f1e03

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=X6m-xMHmMoU>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 APROBACIÓN ACTA Nº 12/2022 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 27/10/2022

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 12/2022 de 27/10/2022.

Propónse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 27/10/2022, Acta nº 12/2022.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 12 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

2 INCREMENTO DO LÍMITE MÁXIMO DAS GRATIFICACIÓNS DO PERSOAL FUNCIONARIO

Expte.: 2022/X998/000113

A presidencia da conta da seguinte proposta que a continuación se transcribe:

O estado de execución das aplicacións orzamentarias relativas ás gratificacións do persoal funcionario é o seguinte:

Prog	Econ	Área	Créditos iniciais	Transferen cias positivas	Transferencia s negativas	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Saldo de crédito dispoñible
130	15100	Policía Local	63.000,00	14.714,55	0,00	77.714,55	77.714,54	0,01
931	15100	Intervención	12.000,00	0,00	10.682,99	1.317,01	1.301,78	15,23
934	15100	Tesourería	12.000,00	0,00	2.031,55	9.968,45	9.968,45	0,00
9201	15100	Servizos Xerais	2.000,00	0,00	2.000,00	0,00	0,00	0,00
Total			89.000,00	14.714,55	14.714,54	89.000,01	88.984,77	15,24

Neste momento, hai varios expedientes de gratificacións pola realización de servizos extraordinarios pendentes de aprobación por falta de crédito orzamentario. Os importes pendentes son os seguintes:

Mes	Gratificacións pendentes de aprobación
Agosto	967,16

Mes	Gratificacións pendentes de aprobación
Setembro	12.883,28
Outubro	7.598,72
Total	21.449,16

O importe das gratificacións do mes de novembro non está cuantificado, polo que estimárase nun importe similar ao mes de outubro. Por outra parte, dado que a Área da Policía Local consumiu a contía de 14.714,55 € das gratificacións das outras áreas, terase en conta para que estas non resulten prexudicadas.

Concepto	Importe
Gratificacións pendentes de aprobación agosto-outubro	21.449,16
Importe minorado doutras áreas	14.714,55
Estimación de gratificacións de novembro	8.000,00
Total	44.163,71

Á vista dos cálculos anteriores, propónse un incremento do límite global das gratificacións do persoal funcionario en 45.000 €, pasando de 89.000 € a 134.000 €.

De acordo co art. 6.1 RD do 861/1986, do 25 de abril, correspóndelle ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a contía global destinada á asignación das gratificacións aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no art. 7.2.c) do dito RD, a ampliación do límite máximo debe autorizarse polo Pleno. Así, aínda que existe saldo dispoñible nos créditos de persoal, é preciso aprobar o incremento da dotación para este concepto retributivo polo Pleno.

A Intervención emitiu o seu informe coas seguintes conclusións:

4. CONCLUSIÓN

Á vista do expediente emítese o seguinte informe:

- Informe favorable
- Informe desfavorable:

- 1. Non se respectan os límites máximos de gratificacións previstos no RD 896/1991.*
- 2. No momento da realización dos servizos extraordinarios non se acreditou a existencia do crédito orzamentario axeitado e suficiente.*

Non obstante, a non tramitación do seu pagamento daría lugar a unha situación de enriquecemento inxusto da Administración para uns gastos como os de persoal, que gozan de

preferencia ante outros gastos e que, polo tanto, deben abonarse aos traballadores afectados.

Co fin de evitar un enriquecemento inxusto da Administración con respecto do seu persoal, corresponde continuar coa tramitación do expediente.

En vista do exposto, PROPOÑO

PRIMEIRO

Incrementar o importe global destinado ás gratificacións do persoal funcionario nos seguintes termos:

Pro.	Eco.	Descrición	Créditos antes do incremento	Incremento	Créditos antes do incremento
	15100	Gratificacións do persoal funcionario	89.000,00	45.000,00	134.000,00

SEGUNDO

Dar conta deste acordo ao Departamento de Emprego e á Intervención Municipal.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, COMERCIO E EMPREGO, en sesión ordinaria do día 17/11/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, acórdase por unanimidade dos 6 membros presentes dos 9 que legalmente a constitúen ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

Incrementar o importe global destinado ás gratificacións do persoal funcionario nos seguintes termos:

Pro.	Eco.	Descrición	Créditos antes do incremento	Incremento	Créditos antes do incremento
	15100	Gratificacións do persoal funcionario	89.000,00	45.000,00	134.000,00

SEGUNDO

Dar conta deste acordo ao Departamento de Emprego e á Intervención Municipal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 12 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

3 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: CREACIÓN DUNHA OFICINA MUNICIPAL DA ENERXÍA

A presidencia da conta da seguinte proposta que a continuación se transcribe:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa non é unha cuestión opinable, o cambio climático está a condicionar xa as nosas vidas. Afortunadamente, parella a esta situación, a sensibilidade ambiental de cada vez máis persoas, especialmente entre a mocidade, está cada vez máis presente na opinión pública baixo a idea da necesidade de accións para responder ao Cambio Climático.

Entre as cuestións que cada parte da sociedade, e entre elas as administracións públicas, poden acometer, é comprometerse coa utilización das enerxías renovables e a contención do consumo enerxético, máxime nunha situación mundial de profunda incerteza ante os custos económicos e sociais provocados pola guerra de Ucraína.

Pese ao anuncio recente do Goberno de coalición de implementar a excepcionalidade enerxética no estado, avalada pola UE e o anuncio amplamente esperado de rebaixa do IVE do 21 ao 5% do gas, o problema segue estando tamén radicado nos altos consumos enerxéticos e a aínda pequena expansión das enerxías renovables.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que xa opera para financiar diversos servizos e proxectos públicos, busca entre outras cousas a modernización da economía española, a recuperación do crecemento económico e a creación de emprego, a reconstrución sólida e resiliente tras a crise sanitaria e a económica derivada da COVID. Se non se afoga entre resistencias burocráticas, o estado Español terá máis de 140.000 millóns de euros en transferencias e créditos no próximos seis anos.

Entre os aspectos que recolle este Plan, púxose enriba da mesa a posibilidade de crear Comunidades Enerxéticas Locais e a participación social na transición enerxética mediante os seguintes eixos:

- Desenvolvemento de proxectos que impliquen a formación ou que teñan como

promotores comunidades enerxéticas que poderán incluír, entre outros:

- Produción eléctrica con enerxía renovable, para autoconsumo ou para entrega a rede.
- Produción de calor e/o frío con enerxía renovable
- Proxecto de rede de distribución de calor e/o frío.
- Servizos de eficiencia enerxética.
- Servizos de mobilidade sostible ou recarga para vehículos eléctricos.
- Asistencias técnicas e asesoramento a entidades públicas, individuos e asociacións para o fomento deste tipo de iniciativas. Elaboración de estudos de mercado e follas de roteiro que permitan ás comunidades a súa posta en marcha.
- Actuacións de promoción e labores de información, formación e desenvolvemento de capacidades.
- Proxectos de participación societaria ou financeira no ámbito das comunidades enerxéticas e a participación social.

Sen dúbida a principal actuación que terá que acometer o Goberno é a creación dunha empresa enerxética pública, pero sempre que isto non se desenvolve, actuacións como as Comunidades Enerxéticas Locais serán sen dúbida un instrumento de futuro para a organización e sustentabilidade enerxéticas das nosas cidades, A Unión Europea, na Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, defíneas como entidades xurídicas ao redor das cales se agrupan persoas, pequenas empresas, asociacións e entidades públicas locais para desenvolver, xuntas, actividades baseadas na promoción de enerxías renovables (electricidade, calor e frío), eficiencia enerxética, mobilidade sostible, etc; todo iso orientado a buscar beneficios sociais, ambientais e económicos na súa contorna.

Coa finalidade de ir dando pasos nesa dirección, o Grupo Municipal de Rianxo en Común propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Estudar a creación dunha Oficina Municipal da Climatización e a Enerxía cuxas funcións, entre outras serán:

- a) Ofrecer asesoramento no relativo á enerxía e subministros a todas as persoas, físicas ou xurídicas, censadas no concello que así o soliciten. Incluirá asesoramento sobre tarifas, descontos, potencia contratada así como de medidas para o aforro ou tramitación de cambios contractuais ou outras xestións como a solicitude de descontos coas compañías.
- b) Informar á veciñanza dos novos requisitos para poderense acoller ó bono social eléctrico e/ou ó bono social térmico, tanto para as posibles situacións de vulnerabilidade coma a persoas en risco de exclusión social, en colaboración cos servizos sociais do concello para a difusión desta axuda.

- c) Elaborar plans de formación en materia de eficiencia, dereitos enerxéticos e autoconsumo para os fogares e para as empresas.
 - d) Establecer marcos de colaboración cas empresas instaladoras locais para a difusión e promoción das instalacións de eficiencia enerxética, de xeito que a veciñanza conte cun punto de información no que atopar instaladores locais especialistas.
 - e) Informar á veciñanza da gama de subvencións do INEGA e outros organismos para as instalacións adicadas á eficiencia enerxética e a mobilidade sostible, de xeito que a interesada ou interesado poida contactar coas empresas locais para o asesoramento no trámite das solicitudes.
 - f) Estudar a apertura de procesos para o cambio do subministro eléctrico nas dependencias municipais con empresas e cooperativas enerxéticas sociais e verdes.
2. Dar os pasos necesarios para realizar unha auditoría enerxética completa que conteña os recursos enerxéticos dispoñibles en todo o municipio (consumos nos inmobles, iluminación pública, sistemas de baterías ou estacións de recarga de vehículos eléctricos), co fin de mellorar estas infraestruturas e promover unha transición enerxética enfocada a reducir consumos e custos.
3. Estudar, en colaboración cas empresas locais instaladoras, plans de actuación para a mellora na eficiencia dos recursos enerxéticos do municipio.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, COMERCIO E EMPREGO, en sesión ordinaria do día 17/11/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a Comisión Informativa acorda por un voto a favor do grupo municipal Rianxo en Común, e 5 abstencións (2 Grupo Municipal PP, 2 Grupo Municipal PSOE, e 1 Grupo Municipal BNG) dos 6 concelleiros/as presentes, dos 9 membros que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

1. Estudar a creación dunha Oficina Municipal da Climatización e a Enerxía cuxas funcións, entre outras serán:
- g) Ofrecer asesoramento no relativo á enerxía e subministros a todas as persoas, físicas ou xurídicas, censadas no concello que así o soliciten. Incluirá asesoramento sobre tarifas, descontos, potencia contratada así como de medidas para o aforro ou tramitación de cambios contractuais ou outras xestións como a solicitude de descontos coas compañías.
 - h) Informar á veciñanza dos novos requisitos para poderense acoller ó bono social eléctrico

e/ou ó bono social térmico,tanto para as posibles situacións de vulnerabilidade coma a persoas en risco de exclusión social, en colaboración cos servizos sociais do concello para a difusión desta axuda.

- i) Elaborar plans de formación en materia de eficiencia,dereitos enerxéticos e autoconsumo para os fogares e para as empresas.
- j) Establecer marcos de colaboración cas empresas instaladoras locais para a difusión e promoción das instalacións de eficiencia enerxética, de xeito que a veciñanza conte cun punto de información no que atopar instaladores locais especialistas.
- k) Informar á veciñanza da gama de subvencións do INEGA e outros organismos para as instalacións adicadas á eficiencia enerxética e a mobilidade sostible, de xeito que a interesada ou interesado poida contactar coas empresas locais para o asesoramento no trámite das solicitudes.
- l) Estudar a apertura de procesos para o cambio do subministro eléctrico nas dependencias municipais con empresas e cooperativas enerxéticas sociais e verdes.

2. Dar os pasos necesarios para realizar unha auditoría enerxética completa que conteña os recursos enerxéticos dispoñibles en todo o municipio (consumos nos inmobles, iluminación pública, sistemas de baterías ou estacións de recarga de vehículos eléctricos),co fin de mellorar estas infraestruturas e promover unha transición enerxética enfocada a reducir consumos e custos.

3. Estudar,en colaboración cas empresas locais instaladoras,plans de actuación para a mellora na eficiencia dos recursos enerxéticos do municipio.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 2 votos a favor (1 membro do grupo Rianxo en común e 1 do membro do grupo Ciudadanos), con unha abstención do membro do Grupo PP, e 8 votos en contra (dos 5 membros do grupo BNG e 3 membros do Grupo PSOE) dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resultando **REXEITADA**.

4 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: CONSTRUCCIÓN DUNHA PISTA DE PADEL NA LAXE

A presidencia da conta da seguinte proposta que a continuación se transcribe:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actividade deportiva no noso municipio é, afortunadamente, unha opción de ocio saudable prioritaria para moitos veciños e veciñas, tanto para os máis novos como para os de maior idade. Neste senso, temos a sorte de contar cun numerosos clubs deportivos nos que estes veciños e veciñas, afeccionados ao fútbol, ao baloncesto, ao xadrez, ao voleibol, etc., desfrutan do deporte.

Coa finalidade de seguir aumentando a oferta deportiva no noso municipio, dende o convencemento de que unha sociedade na que a actividade física está presente é unha sociedade máis saudable, propoñemos que se reserve unha partida do Orzamento Municipal para o 2023 para a construción na Laxe (Taragoña), dunha pista de padel.

O lugar proposto obedece á intención de facer do punto no que a día de hoxe se localiza o Campo de Fútbol e o Skatepark, un espazo deportivo variado é central do noso municipio, no que ademais se dan unhas condicións de acceso e aparcamento óptimas.

En base ao exposto, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ao Pleno da Corporación do Concello de Rianxo a adopción do seguinte ACORDO:

1. Estudar a previsión dunha partida no Orzamento Municipal para o ano 2023 para a construción dunha pista de padel no noso municipio.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, COMERCIO E EMPREGO en sesión ordinaria do día 17/11/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a Comisión Informativa acorda por un voto a favor do grupo municipal Rianxo en Común, e 5 abstencións (2 Grupo Municipal PP, 2 Grupo Municipal PSOE, e 1 Grupo Municipal BNG). dos 6 concelleiros/as presentes, dos 9 membros que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

1. Estudar a previsión dunha partida no Orzamento Municipal para o ano 2023 para a construción dunha pista de padel no noso municipio.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 1 voto a favor do membro do grupo Rianxo en común, con 2 abstencións (1 membro do Grupo PP, e 1 membro do Grupo Ciudadanos), e 8 votos en contra (dos 5 membros do grupo BNG e 3 membros do Grupo PSOE) dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen

a corporación, resultando **REXEITADA**.

5 MANIFESTO DECÁLOGO POLO BO TRATO: DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

A presidencia da conta da seguinte proposta que a continuación se transcribe:

a FEGAMP remitiu este Manifesto para elevar ao Pleno ordinario e aprobación pola Corporación do Concello de Rianxo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A liberdade, a seguridade e a integridade, son dereitos inherentes ao ser humano incuestionables e, como tales, non poden limitarse por circunstancias temporais ou espaciais nin tan sequera pender de ningún criterio, moito menos, pola condición de xénero.

A natureza esencial destes principios obriga a que non baste con que sexan respectados; deben estar garantidos sen fisuras cos medios legais e económicos precisos e coa defensa sen concesión por parte da sociedade –auténtica titular do poder nun sistema democrático-, que debe esixir que isto sexa así.

Con motivo deste novo 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, a Federación Galega de Municipios e Provincias, manifesta a firme convicción e determinación das Entidades Locais galegas para erradicar calquera tipo de maltrato sobre as mulleres, os seus fillos e fillas e achegados e achegadas, vítimas todas do machismo, xa que o maltratador leva por medio a quen considere con tal de que ela sufra.

Ademais da física, repudiamos calquera outra forma de agresión machista: psicolóxica ou emocional, sexual, económica, acoso, vexación... tanto no eido persoal como laboral.

Dende o municipalismo facemos un chamamento á responsabilidade común, tanto de institucións como de cidadanía, no problema da violencia de xénero. Ninguén pode mirar para outro lado. Cadaquén debe asumir a súa responsabilidade no problema e na solución do mesmo. Cómpre reflexión sincera por parte de todos e todas e acción conxunta.

Unha vez máis as Entidades Locais comprometemos traballo arreo, sen escatimar esforzos nin medios dentro das nosas posibilidades, priorizando ás políticas e medidas contra a violencia de xénero fronte calquera tipo de maltrato e facilitando e fomentando a colaboración do resto das administracións e cidadanía.

Apostamos pola información e concienciación dos dereitos e ferramentas aplicables para cada situación, facendo o que estea na nosa man tanto no noso espazo como fóra del, para que quen os precise acceda a eles.

A Fegamp pide tamén, en nome das Entidades Locais galegas, os medios necesarios para o labor

e que se afaste esta loita da pugna ideolóxica, porque non cabe ningún tipo de negación desta cruel realidade e que no punto de mira de todos e todas só deben estar a liberdade, a seguridade e a integridade para todas as persoas.

Os concellos queren lanzar, por último, unha mensaxe de esperanza e forza para todas estas mulleres que están a sufrir a violencia machista e a calquera que sufra o maltrato de xénero. Lembrámoslles que non teñen porque toleralo baixo ningunha forma e que estamos ao seu carón para axudalas a saír. Animamos por tanto ás vítimas e a calquera que teña coñecemento dalgún caso a dar o paso para pór fin á inxustiza. Contan connosco.

Poñemos a disposición e alentamos a facer propio o noso **Decálogo PoloBoTrato**:

1. Empregar linguaxe libre de connotacións sexistas.
2. Integrar a perspectiva de xénero nas nosas decisións.
3. Difundir unha imaxe non sexista da muller.
4. Traballar na prevención da violencia machista e promoción dos valores de igualdade e respecto entre toda a poboación, especialmente a máis nova.
5. Fomentar a ética e a co responsabilidade nas tarefas e o coidado tanto de menores como de persoas dependentes.
6. Identificar e emendar as posibles deficiencias que atopemos a nivel municipal na loita contra a violencia cara ás mulleres.
7. Respetar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, e a igualdade de oportunidades no cadro de persoal.
8. Promover unha representación equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos de actuación municipal.
9. Rexeitar a contratación de actividades nas que se ofrezan unha imaxe sexista da muller.
10. Prestar especial atención ás mulleres en situación de vulnerabilidade.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR, IGUALDADE E DIVERSIDADE, E BENESTAR ANIMAL. en sesión ordinaria do día 17/11/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a Comisión Informativa acorda por unanimidade dos 7 concelleiros/as presentes, dos 9 membros que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o MANIFESTO arriba sinalado.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 12 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

6 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO DIA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MUJER

A presidencia da conta da seguinte proposta que a continuación se transcribe:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En España, dende 2003, foron asasinadas 1.165 mulleres e 47 nenas e nenos. Dende 2009, interpuxéronse case 2 millóns de denuncias por violencia de xénero e máis de medio millón de ordes de protección. De acordo cos datos da “Macroenquisa de violencia contra a muller” o 34,2% das mulleres sufriron violencia por parte das súas parellas o exparellas. O 47,2% non denunciaron nin utilizaron os servizos públicos de axuda. A violencia de xénero é unha terrible vulneración dos Dereitos Humanos que pon en cuestión a calidade democrática do noso país. O dereito á igualdade, á liberdade, á seguridade e á dignidade rómpese en cada asasinato machista.

1.165 mulleres asasinadas é unha cifra que se lee e escribe rápido pero costa moito máis imaxinarse o impacto de todos eses asasinatos, en todas esas familias, na nosa sociedade. Detrás da frialdade de cada cifra e cada porcentaxe está a vida de unha muller, a vida dos seus fillos e fillas, familia, amizades. As vidas das mulleres non son números e non podemos acostumarnos nin resignarnos a convivir con esta violencia que desafía os piares de un país democrático. Ningún dato de violencia contra las mulleres é aceptable en una sociedade que pretenda ser libre, igual e xusta.

Para tódolos poderes públicos e para toda a sociedade debe ser una prioridade mellorar a resposta que ofrecemos para garantir a seguridade, a liberdade e a vida das mulleres vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas. Debemos impulsar, desenvolver e tamén avaliar o impacto das políticas públicas que impulsamos destinadas a combater esta violencia. As vítimas da violencia de xénero merecense todo o noso esforzo. Para acabar coa manifestación máis terrible da violencia machista é imprescindible a cooperación entre todas as Administracións públicas e a sociedade civil. Abordar a violencia machista en toda a súa crueza obríganos a ser esixentes e poñer tódolos medios que teñamos ó noso alcance para protexer ás vítimas.

A Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero supuxo un fito importante no intento da erradicación de esta violencia para o que mobilizou e puxo a disposición recursos públicos destinados a combater a violencia machista. A aprobación do Pacto

de Estado contra a Violencia de Xénero en 2017 elevou o tratamento desta lacha, que é a violencia de xénero, a una cuestión de Estado.

O Pacto de Estado é o instrumento vertebrador de todos os actores que interveñen para previr e erradicar a violencia e ten que ser unha ferramenta estratéxica en continuo cambio e adaptación. As Administracións públicas deben seguir colaborando para desenvolver todas as medidas necesarias para seguir loitando contra a violencia de xénero porque é incompatible con unha sociedade plenamente democrática. Protexer ás vítimas non é unha opción, é una obriga. A violencia de xénero interpélanos e as administracións locais debemos loitar contra esta lacra con todos os medios ó noso alcance. No ámbito das nosas competencias desenvolvemos un papel fundamental na prevención, así como na información, asesoramento, protección e acompañamento das mulleres vítimas e das súas fillas e fillos.

Polo tanto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE de Rianxo presenta para a aprobación polo Pleno o seguinte acordo:

1. Seguir ratificando o compromiso firme do Concello de Rianxo contra a violencia de xénero, e en defensa dos dereitos das mulleres, a erradicación de cualquier tipo de violencia machista, combatindo cualquier discurso negacionista e posicionamento político que negue a existencia da violencia de xénero ou rechace as políticas públicas enfocadas a súa total erradicación.
2. Instar a todas as Administraciones públicas competentes a desenvolver e a dar cumprimento ás medidas que forman o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.
3. Apoiar o proceso de renovación e actualización do Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se está iniciando no Congreso dos Deputados.
4. Colaborar coas asociacións da sociedade civil que loitan contra a violencia machista e traballan pola igualdade de homes e mulleres.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR, IGUALDADE E DIVERSIDADE, E BENESTAR ANIMAL, en sesión ordinaria do día 17/11/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a Comisión Informativa acorda por unanimidade dos 7 concelleiros/as presentes, dos 9 membros que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

1. Seguir ratificando o compromiso firme do Concello de Rianxo contra a violencia de xénero,

e en defensa dos dereitos das mulleres, a erradicación de cualquier tipo de violencia machista, combatindo cualquera discurso negacionista e posicionamento político que negue a existencia da violencia de xénero ou rechace as políticas públicas enfocadas a súa total erradicación.

2. Instar a todas as Administracións públicas competentes a desenvolver e a dar cumprimento ás medidas que forman o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.
3. Apoiar o proceso de renovación e actualización do Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se está iniciando no Congreso dos Deputados.
4. Colaborar coas asociacións da sociedade civil que loitan contra a violencia machista e traballan pola igualdade de homes e mulleres.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 12 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

7 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: APOIO DO CONCELLO DE RIANXO AO COMERCIO MINORISTA E AO SECTOR DA HOSTALARÍA

A presidencia da conta da seguinte proposta que a continuación se transcribe:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Levamos anos asistindo a unha constante erosión do tecido comercial do noso municipio, unha tendencia que se pode agravar nos próximos meses debido á situación económica que estamos atravesando.

Como temos sinalado en infinidade de ocasións, manter vivo este sector é fundamental para un municipio cunha características socio-económicas como as nosas. Non só polo feito de que en torno ao pequeno comercio pivotan unha serie de actividades sociais que axudan a crear comunidade e a establecer vínculos entre a veciñanza, senón tamén debido a que este sector é os que xera boa parte do emprego local.

Debemos adoptar medidas destinadas a impulsar e reactivar a actividade económica de tipo comercial, e tamén de servizos, no noso termo municipal, e unha maneira que se demostrou exitosa – aínda que necesita melloras esixidas pola experiencia –é outorgando liquidez aos veciños e veciñas para que fagan as súas compras ou contraten os servizos que precisen nos establecementos rianxeiros. Porén, pensamos que non nos podemos quedar aí, e este tipo de iniciativas deben de ir acompañadas de outras que sitúen ao noso municipio nun lugar atractivo

para a chegada de novos establecementos, coa esperanza de, coa existencia dunha maior oferta, tamén o propio sector poida paseniñamente recuperarse.

Así as cousas, dende Rianxo en Común propoñemos a reedición, no mes de febreiro do ano 2023, da campaña de bonos efectuada recentemente, aínda que introducindo no funcionamento da mesma unha serie de melloras, seguindo así unha proposta anterior de Rianxo en Común e as propias demandas do sector con respecto á campaña anterior.

Propoñemos tamén a modificación da Ordenanza Fiscal Número 1 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis coa finalidade de establecer unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto, entre o exercicio 2024 e 2030, a favor de inmóveis nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal.

Consideraranse exclusivamente de especial interese ou utilidade municipal a efectos desta bonificación, as actividades económicas nas que conorra algunha das condicións seguintes e así se acredite:

-Que se realicen por un comercio minorista ou establecemento hostaleiro, entendéndose como tales aquelas dadas de alta no censo de Actividades Económicas nas actividades correspondentes aos epígrafes 64, 65 e 67.

Isto favorecerá, ademais, a posta en aluguer daqueles inmóveis que a día de hoxe se atopan baleiros coa finalidade de que se desenvolvan neles algunha das actividades correspondentes aos epígrafes sinalados.

En base ao anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

-Dar os pasos necesarios para poñer en funcionamento, no mes de febreiro do 2023, unha nova campaña de bonos atendendo ás melloras que os comerciantes solicitan en relación á campaña anterior.

-Estudar a modificación da Ordenanza Fiscal Número 1 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis coa finalidade de establecer unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto, entre o exercicio 2024 e 2030, a favor de inmóveis nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, COMERCIO E EMPREGO en sesión ordinaria do día 17/11/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a Comisión Informativa acorda por 3 votos a favor (1 do grupo municipal Rianxo en Común, e 2 do Grupo Municipal PP) 3 abstencións (2 Grupo Municipal PSOE, e 1 Grupo Municipal BNG) dos 6 concelleiros/as presentes,

dos 9 membros que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

-Dar os pasos necesarios para poñer en funcionamento, no mes de febreiro do 2023, unha nova campaña de bonos atendendo ás melloras que os comerciantes solicitan en relación á campaña anterior.

-Estudar a modificación da Ordenanza Fiscal Número 1 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis coa finalidade de establecer unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto, entre o exercicio 2024 e 2030, a favor de inmóveis nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 2 votos a favor (1 membro do grupo Rianxo en común, e 1 membro do Grupo PP) con 1 abstención do membro do Grupo de Ciudadanos, e 9 votos en contra (dos 6 membros do grupo BNG e 3 membros do Grupo PSOE) dos 12 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resultando **REXEITADA**.

PARTE DE CONTROL

8 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/10/2022 ata o 31/10/2022, que comprenden os números 793/2022 ao 876/2022, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 15 da Sesión ordinaria do día 06/10/2022
- Acta nº 16 da Sesión ordinaria do día 27/10/2022

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

9 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000013 e identificado pola pegada dixital:

b9e3e90aa4d93e3b39f5b7a76ad2c13812f8d78de24813654abfc0b6994f1e03

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=X6m-xMHmMoU>